



003739 11.05.2017 10:55

Resolución reitoral do 8 de maio de 2017, pola que se modifica a Resolución reitoral do 8 de xuño de 2015 pola que se establece a normativa pola que se regula o proceso para ordenar as estadias temporais de investigadores/as visitantes na Universidade de Santiago de Compostela

Preámbulo

Nun contexto no que a investigación está globalizada e no que o traballo en rede acada cada vez máis importancia, a mobilidade de investigadores/as entre universidades e centros de investigación adquire un valor estratéxico no desenvolvemento dunha produción científica de calidade.

A Universidade de Santiago de Compostela recibe con frecuencia a visita de investigadores/as que realizan estadias de moi diversa duración para o desenvolvemento de diferentes actividades no eido da investigación e a súa difusión. É misión da USC fomentar, facilitar e dar cobertura a toda mobilidade e ao intercambio de investigadores/as entre os distintos axentes de execución da I+D, sexan públicos ou privados, para reforzar os coñecementos científicos mellorando a calidade e a produtividade da ciencia.

Considerando que o réxime xurídico da mobilidade saínte se consigna na normativa laboral e nas correspondentes convocatorias, e co propósito de dar a oportuna cobertura, á vez que transcendencia e visibilidade, á mobilidade de investigadores/as entrantes, estableceuse na Resolución reitoral do 8 de xuño de 2015 un procedemento para regular esas estadias e definíronse os servizos da Universidade de Santiago de Compostela e a relación de dereitos e obrigas dos/as investigadores/as.

Non obstante, apreciouse que a mobilidade atinxía tamén aos alumnos de grao e máster que desenvolven labores de investigación, para os cales non existía previsión regulamentaria algunha. Co fin, entón, de darlles cobertura e de garantir a súa seguridade fronte aos riscos inherentes as tarefas que realicen, modifícase a devandita Resolución reitoral do 8 de xuño de 2015 no seu artigo 2.

ARTIGO 1.- Obxecto

A presente resolución ten por obxecto establecer un marco institucional que permita e regule a acollida de investigadores/as, investigadores/as en formación, técnicos/as ou calquera persoa que realice unha estadia asociada á actividade investigadora e formativa na USC, procedente doutras universidades, centros de investigación ou empresas.

ARTIGO 2.- Investigadores/as visitantes

Enténdese por *investigador/a visitante* a aquel/a investigador/a procedente doutra universidade, centro de investigación ou empresa que vai a realizar unha estadia na USC de calquera duración co fin de desenvolver tarefas de investigación, formación investigadora, colaboracións en másteres, conferencias e/ou participar en seminarios de investigación baixo a tutela ou en colaboración cun membro do cadro de Persoal Docente Investigador da USC.

De acordo co anterior, *o/a investigador/a visitante* incluírá aos doutores/as, académicos/as, tecnólogos/as, técnicos/as de investigación, alumnos de grao e de máster en estadia de investigación ou investigadores/as predoutorais cuxa estadia nesta universidade estea relacionada coa súa actividade investigadora e para os/as que a mesma sexa validada previamente pola Vicerreitoría con competencias en investigación. A estes efectos dita Vicerreitoría habilitará o correspondente rexistro de *investigadores/as visitantes* establecendo o proceso para o recoñecemento de tal condición.

No caso dos/as investigadores/as predoutorais rexistrados como *investigadores/as visitantes* ademais deberán formalizar a súa matrícula na Sección de Terceiro Ciclo e Formación Continua do Servizo de Xestión Académica baixo a modalidade de matrícula de “estadía”

Así mesmo, o alumnado de grado/máster rexistrados como *investigadores/as visitantes* deberán formalizar ademais a súa matrícula baixo a modalidade que corresponda e abonar o seguro obrigatorio.

Os/as *investigadores/as visitantes* non adquirirán a condición de membros da USC nin por tanto poderán participar nos órganos de goberno da USC, nin ser electores ou elixibles. Así mesmo, non percibirán ningunha retribución a cargo dos orzamentos da USC, sen prexuízo das axudas que o departamento, centro, grupo ou unidade receptora poida establecer con cargo ao seu orzamento.

ARTIGO 3.– Dereitos dos *investigadores visitantes*

Todos os/as *investigadores/as visitantes* da USC debidamente autorizados e rexistrados estarán cubertos polos correspondentes seguros de responsabilidade civil e de accidentes establecidos a estes efectos pola USC .


Ademais, os/as *investigadores/as visitantes* poderán :

- Utilizar ou acceder aos servizos xerais de investigación, biblioteca, comunicacións, servizos informáticos e servizos de apoio á investigación nas mesmas condicións que o persoal da USC de categoría equivalente ou asimilable, conforme ao procedemento de solicitude que se determine. Así mesmo, a USC, na medida en que sexa necesario, facilitará o acceso ás instalacións ás que de xeito xustificado teña que facer uso en función do plan de traballo establecido.
- Utilizar as instalacións complementarias dispoñibles na USC durante o período e duración formal da estadía.
- Ser recoñecidos na autoría ou coautoría dos traballos de carácter científico nos que participe.
- Solicitar á USC unha certificación ou acreditación da súa estadía.

ARTIGO 4.– Obrigas dos *investigadores visitantes*

Os/as *investigadores/as visitantes* deberán:

- Incorporarse ao centro solicitante da USC na data prevista notificándoo á USC e comunicar os cambios de datas relacionadas coa duración da súa estadía.
- Realizar as tarefas que teñan previstas no seu plan de traballo.
- Desenvolver a súa actividade investigadora con honestidade científica, evitando o plaxio e outras prácticas fraudulentas, observar as prácticas éticas recoñecidas e os principios éticos correspondentes ás súas disciplinas nos diversos códigos deontolóxicos aplicables, comprometéndose a respectar a confidencialidade respecto ás investigacións e outras informacións que coñeza con motivo da súa estadía na USC, e sempre de acordo coas normas establecidas pola USC.
- Coñecer e respectar as normas de funcionamento da USC, da unidade, laboratorio, centro ou instituto de investigación e, especialmente, aquelas necesarias en materia de prevención de riscos laborais.
- Mencionar á USC nas publicacións, achegas a congresos e calquera outra actividade profesional que resulte do traballo realizado durante a súa estadía na USC.



ARTIGO 5.– Obrigas dos responsables da visita

Os centros, departamentos, institutos e centros de investigación, estacións, grupos de investigación ou investigadores/as individuais da USC que inviten a un/unha *investigador/a visitante* terán as seguintes obrigas:

Comunicarlllo á Vicerreitoría con competencias en investigación, empregando os procedementos e formularios, preferentemente electrónicos, que para o efecto se establezan. A comunicación deberá ser previa á visita. A Vicerreitoría validará a estadía e procederá ao seu rexistro documental.

A comunicación deberá conter a seguinte información:

–Unidade de investigación proponente (Grupo de Investigación ou no seu defecto o Departamento ou Centro de Investigación)

–Filiación e categoría do/a *investigador/a visitante*

–Obxectivo da estadía (I+D; formación; divulgación...)

–Marco institucional da estadía (Convenio; proxecto de I+D; sabático; invitación...)

–Datas previstas de incorporación e remate

–Centro de traballo

Comunicar e, de ser o caso, solicitar autorización á Vicerreitoría con competencias en investigación para calquera cambio das condicións da súa incorporación.


Con carácter xeral, e ao marxe do que poidan establecer acordos institucionais específicos, a unidade ou investigador/a da USC que propoña a estadía dun/dunha *investigador/a visitante* asume o compromiso de poñer á súa disposición os recursos e espazos para que se poidan levar a cabo as tarefas previstas no plan de traballo a realizar durante a súa visita ou estadía, e de seguir en todo momento prácticas de traballo seguras de acordo coa normativa aplicable, incluíndo adopción das medidas necesarias en materia de prevención de riscos laborais, e velar por que os/as *investigadores/as visitantes* cumpran con estas prácticas.

Nas visitas ou estadías nas que se desenvolvan actividades específicas de investigación conxunta ou participación directa ou indirecta nas liñas de investigación da USC, así como sempre que exista a posibilidade de que a actividade de colaboración poida producir resultados, o/a *investigador/a visitante* deberá asinar no momento da súa incorporación á USC o documento de aceptación das condicións da súa estadía, que incluírá unha cláusula de confidencialidade e de titularidade dos resultados da investigación.

ARTIGO 6.– Incumprimento da obriga de comunicación

A USC non poderá certificar a estadía dun/dunha *investigador/a visitante* que non fora rexistrado/a previamente. Así mesmo, non se lle permitirá facer uso das instalacións ou servizos da universidade.

O/a investigador/a da USC que non comunique unha estadía será o responsable final de todos os danos e de todas as reclamacións que poidan xerarse durante a visita. No caso de incumprimento reiterado de comunicación sobre a presenza de *investigadores/as visitantes*, e sen prexuízo da responsabilidade a que houbera lugar, a USC poderá determinar para este/a investigador/a a prohibición de realizar novas invitacións a persoal alleo á USC.



ARTIGO 7.– Incompatibilidades

A figura de *investigador/a visitante* é incompatible con calquera tipo de vinculación coa USC, ben sexa funcional, laboral ou estatutaria.

ARTIGO 8.– Rexistro de *Investigadores/as visitantes*

A Vicerreitoría con competencias en investigación deberá manter actualizado o rexistro dos/das *investigadores/as visitantes* que se incorporen á USC, para o que se creará o correspondente ficheiro de protección de datos.

ARTIGO 9.– Procedementos e formularios

Facúltase á Vicerreitoría con competencias en investigación para que deseñe os procedementos e documentos necesarios para a aplicación deste regulamento, así como para a interpretación das dúbidas que este proceso puidera ocasionar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Esta Resolución é igualmente de aplicación para aqueles/as investigadores/as que se atopen na USC en réxime de visita ou estadia no momento de entrada en vigor desta Resolución, e deberán inscribirse no rexistro de *investigadores/as visitantes* a partires da súa operatividade.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Resolución entrará en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico da USC.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

O reitor



Juan M. Vaño Rey

